

A DISCAPACIDADE: XUSTIZA, EQUIDADE, EDUCACIÓN

Amando Vega Fuente
Universidade do País Vasco

O Ano Europeo da Discapacidade presentouse como unha magnífica oportunidade para promover o entendemento e a aceptación da discapacidade, para animar os cidadáns con discapacidade a que expresen as súas opinións, e para tomar novas iniciativas de acción para mellorar as vidas das persoas con discapacidade, máis de 3,5 millóns de persoas no Estado español. O obxectivo é desterrar a concepción das persoas con discapacidade como simples pacientes e involucralos nas decisións que lles concirnen, abandonar as ideas de segregación na educación e no emprego, e pasar de programar medidas para un colectivo concreto a concibir un mundo para todos.

Durante demasiado tempo, os problemas das persoas con discapacidade foron agravados por unha sociedade invalidante que se fixa máis na súa discapacidade que no seu potencial. E non resulta doado cambiar esta sociedade, onde priman os intereses económicos sobre os sociais, como tamén pode detectarse nas políticas educativas dos diferentes países da Comunidade Europea (Unesco, 1994). Os cambios de actitudes e de acción, necesarios para a inclusión dos individuos con limitacións nos centros educativos afectan a todos os mem-

bros da comunidade, as políticas educativas, as asociacións de persoas minusválidas e os responsables da convivencia social.

A educación ten neste ámbito unha tremenda responsabilidade. E con isto como elemento de partida, este traballo invita non só a reflexionar sobre unha cuestión de actualidade senón tamén a cambiar de enfoque á hora de considerar todo o relacionado coa educación das persoas con discapacidade. Elas están fartas de tanta atención benéfico-asistencial e reivindican ocupar na sociedade o lugar que lles corresponde como persoas e como cidadáns.

E como se corre o perigo de que todas as boas intencións que se lanzaron en congresos, declaracións de principio, leis e documentos de todo tipo se perdan, convén reflexionar sobre o papel que lles corresponde aos educadores nesta gran tarefa de respectar os dereitos que as persoas con discapacidade teñen.

1. AS NORMAS UNIFORMES DE NACIÓNS UNIDAS

O Ano Europeo da Discapacidade lembraba a aprobación das Normas Uni-

formes sobre a Igualdade de Oportunidades para as Persoas con Discapacidade por Nacións Unidas, mediante a Resolución 48/96, de outubro de 1993. ¿Que din estas normas?.

O documento de Nacións Unidas, logo dunha introdución sobre antecedentes e necesidades actuais e sobre a finalidade e contido das Normas Uniformes sobre Igualdade de Oportunidades e os seus conceptos fundamentais, transcribe a resolución mencionada nun preámbulo cos requisitos para a igualdade de participación e expón o articulado que se refire á necesidade de tomar conciencia sobre o problema, á atención médica, á rehabilitación, servizos de apoio, ás esferas previstas para a igualdade de participación (educación, emprego, cultura...), ás medidas de execución (lexislación, política económica, etc.) e aos mecanismos de supervisión.

Hai que recordar que, no ano 1983, por Resolución 37/52, da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, do 3 de decembro de 1982, ten lugar un dobre acontecemento. Por unha parte, a creación do Programa de Acción Mundial para as Persoas con Discapacidade. Por outra, a declaración da Década das Persoas Minusválidas, como medio para a execución do Programa de Acción Mundial.

O Programa de Acción Mundial para as Persoas con Discapacidade ten como propósito promover medidas eficaces para a prevención da deficiencia, para a rehabilitación e para a equiparación de oportunidades ou realización dos obxectivos de «igualdade» e de «plena participación» das persoas con discapacidade, na vida

social e no desenvolvemento. Os obxectivos veñen expostos con claridade ao principio do documento:

“O propósito do Programa de Acción Mundial para as Persoas con Discapacidade é promover medidas eficaces para a prevención da discapacidade e para a rehabilitación e a realización dos obxectivos de igualdade e de plena participación das persoas con discapacidade na vida social e o desenvolvemento. Isto significa oportunidades iguais ás de toda a poboación e unha participación equitativa no melloramento das condicións de vida resultante do desenvolvemento social e económico.”

A prevención implica a adopción de medidas encamiñadas a impedir que se produzan deficiencias ou a impedir que, unha vez producidas, teñan secuelas. A rehabilitación comprende medidas encamiñadas a compensar a perda dunha función e medidas para facilitar a autonomía persoal e a adaptación social. A equiparación de oportunidades significa ter que poñer á disposición de todos os minusválidos as condicións de vida normais na sociedade; por exemplo, vivenda e transporte, educación e traballo, vida cultural e social, deporte e ocio, asistencia sanitaria e social. E como aspectos fundamentais contéplase que:

- Os estados membros deben adoptar políticas para que a educación das persoas con discapacidade se efectúe, na medida do posible, no sistema escolar xeral.

- A admisión e promoción debe facerse coa maior flexibilidade.
- Os servizos educativos deben ser: individualizados, localmente accesibles, universais e variados en función das distintas necesidades.
- A integración se produza planificadamente e coa intervención de todas as persoas interesadas.
- Se o emprazamento debe ser específico, as súas instalacións gozarán da debida calidade.
- Os pais deben participar en todos os niveis do proceso de educación.
- As persoas con discapacidade deben participar nos programas de educación de adultos, especialmente nas zonas rurais.
- Se coidará a formación profesional e o acceso á universidade das persoas con discapacidade.

O Programa de Acción Mundial para as Persoas con Minusvalía, en resumo, proclama a necesidade de protexer os dereitos das persoas física e mentalmente menos favorecidas, de asegurar o seu benestar e rehabilitación e de garantir o dereito a un traballo útil e produtivo.

Non obstante, dez anos despois da aprobación das Normas uniformes sobre a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade, a mesma Declaración de Salamanca reconece que “existe a imperiosa necesidade de cambiar a perspectiva social. Durante demasiado tempo, os problemas das persoas con discapacidades foron agravados por unha sociedade invalidante que se fixaba máis

na súa discapacidade que no seu potencial” (Unesco, 1994).

Neste sentido, o Ano Europeo da Discapacidade pide unha continuidade na reflexión e no compromiso da sociedade, e, en consecuencia, da escola, con todos os retos que a discapacidade como fenómeno social formula na sociedade actual.

2. A PRÁCTICA NON INTEGRADORA DA ESCOLA

Pódese afirmar que a política no Estado español en materia de discapacidades se atopa nunha *fase de desenvolvemento dinámico*. E na actualidade desenvolvémonos ben no ámbito da retórica, pois, a pesar do desenvolvemento da lexislación, é claro que non existe igualdade de oportunidades entre as persoas con discapacidade con respecto ao resto da comunidade (Ruiz Cantero, 2000).

Se nos fixamos no ámbito educativo, sen deixar de recoñecer que moito se fixo, a práctica mostra que existen non poucas carencias sobre que as que convén reflexionar. Pero non é o momento de revisar a investigación realizada sobre a integración escolar, cuestión sobre a que existen non poucos traballos. Aquí como mostra actual, pódense recoller as conclusións obtidas no estudo desenvolvido polo Ararteko sobre as necesidades educativas especiais no País Vasco (Ararteko, 2001).

No País Vasco, como noutras comunidades autónomas, a aposta por integrar o alumnado con necesidades educativas especiais, asociadas a diferentes discapaci-

dades, en centros ordinarios e por normalizar as respostas educativas foi clara e xeneralizada. Así, no curso 1999-2000, o 92,2% do alumnado considerado con necesidades educativas especiais estaba escolarizado en centros ordinarios.

Hai que recoñecer, non obstante, que limitacións non faltan. Precisamente a institución do Ararteko, dende unha perspectiva que garante os dereitos, destaca aqueles aspectos do informe especialmente preocupantes, que deben ser obxecto de atención prioritaria.

1. O salto existente entre a normativa e a práctica escolar: a integración e normalización, principios que rexen a resposta ás necesidades educativas especiais, non sempre se alcanzan de feito por diferentes razóns.

2. A insuficiente consideración do desfavorecemento social dentro dos grupos con necesidades educativas especiais, ao mesmo tempo que resulta evidente que as situacións de desfavorecemento social se concentran, de modo especial, en determinadas zonas e centros.

3. As diferenzas na atención ás necesidades educativas especiais entre redes escolares, pois existe unha tendencia clara a que o alumnado con determinadas necesidades se concentre, en gran proporción, nalgúns centros, especialmente en centros públicos de determinadas zonas ou modelos lingüísticos, polo que existe o risco de que algúns centros se convertan en “guetos”.

4. As diferenzas na atención entre territorios que deben ser atribuídas á maior ou menor capacidade de detección

e á ausencia de criterios comúns que busquen unha maior equidade na resposta ás necesidades e na conseguinte distribución de recursos.

5. A existencia de centros educativos con escasa capacidade de resposta e resultados escolares pouco satisfactorios (cualificacións escolares, repetición de curso ou atraso acumulado). As causas, seguramente, son moi diversas e non poden simplificarse sinalando, simplemente, que os recursos de que dispoñen estes centros son insuficientes para facelo. Pero si parece, polos datos recollidos, que a atribución de recursos (especialmente recursos humanos) a estes centros non sempre ten en conta suficientemente esta situación, sobre todo nalgúns niveis.

6. As dificultades para lograr a implicación de toda a comunidade educativa na resposta ás necesidades educativas especiais, superando a tendencia a delegar responsabilidades no persoal especializado ou nos recursos específicos.

7. A situación da atención á diversidade e ás necesidades educativas especiais na educación secundaria, xa que esta atención non está asumida de igual modo e con recursos similares aos existentes nas etapas anteriores, a pesar de tratarse dunha etapa obrigatoria e que debe acoller a totalidade da poboación escolar.

8. As lagoas na prevención e atención precoz das necesidades educativas especiais, que pon novamente de manifesto a necesidade de regular e implantar na nosa comunidade o primeiro ciclo da educación infantil.

9. Insuficiencias na coordinación entre diferentes servizos e relación entre o sistema educativo e as familias e asociacións, imprescindible para ofrecer unha resposta de calidade.

10. Escasa valoración e intercambio de boas prácticas, cando, pola contra, é necesario estender os bos exemplos (organizativos, profesionais) de integración escolar.

Ao mesmo tempo, a escola como institución educativa ten que estar en alerta constante ante as novas situacións sociais que provoquen a exclusión dos que teñen limitacións de calquera tipo, sexan físicas, psíquicas ou sociais.

3. O MOVEMENTO DA DISCAPACIDADE

Nas sociedades occidentais avanzadas a idea de discapacidade predominante está informada abafantemente pola medicina: as persoas son discapacitadas por insuficiencias fisiolóxicas ou cognitivas individuais, precisamente por iso o que se pretende é curalas ou rehabilitalas. A existencia de persoas que axudan e de persoas que son axudadas encaixa nestes supostos de relación normativos.

A despolitización das necesidades das persoas e a súa conversión en punto de apoio para a exclusiva responsabilidade dos suxeitos individuais é a fórmula política, estratéxica e práctica máis idónea para que, ao cabo, non haxa reservas para poder soste que cada cal ten, en realidade, a atención que merece segundo o seu esforzo e mérito.

Caben, non obstante, outras formulacións, como as propostas polo movemento da discapacidade, é dicir, polo movemento das persoas con limitacións que sente oprimidas por unha sociedade “incapaz” de atender os seus dereitos como persoas e como cidadáns. Eles lémbrennos que todos os seres humanos nacen con dereitos e liberdades fundamentais iguais e inalienables, tal como recolle a primeira frase da Declaración dos Dereitos Humanos adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1948. Neste sentido, as persoas con discapacidade teñen o dereito de vivir nas súas comunidades, gozar de saúde e benestar, recibir unha boa educación e ter oportunidades para traballar.

Dende esta perspectiva, as persoas son “minusválidas” non debido ás súas insuficiencias físicas ou mentais, senón pola configuración dunha sociedade deseñada por e para persoas non minusválidas. A discapacidade, neste sentido, non pode verse como unha traxedia persoal, unha enfermidade, un castigo de Deus ou erro da natureza, que sitúa a certas persoas nunha condición inferior á do resto dos humanos. Só se pode comprender en relación cun conxunto máis amplo de desigualdades que é necesario identificar, tratar e erradicar, tarefa na que está comprometido o movemento da discapacidade. As ideas que se concentran en cambiar as circunstancias persoais dos individuos adoitán ofrecer pouco campo ao compromiso da política nacional. O movemento da discapacidade, ao poñer en dúbida o modelo médico e todas as súas derivacións, desafiá as normas, os valores e as expectativas sociais dominantes.

A meta da acción educadora, nesta perspectiva, non é outra que a promoción e o benestar do suxeito con discapacidade e da súa familia, dende a perspectiva da xustiza. O centro de interese non ha de ser o individuo “minusválido”, senón as circunstancias opresoras do ámbito social, político e económico no que viven as persoas con discapacidade. E, nesta perspectiva, a “discapacidade” enténdese con Abberley como: “un conxunto de conceptos e de prácticas articulados de tal forma que constitúen un «fenómeno social total», que se foi construíndo historicamente a través dunha serie de condicionamentos e procesos materiais e simbólicos (económicos, culturais, políticos, sociais...). E, neste sentido, a “discapacidade” representa un sistema complexo de restricións sociais impostas ás persoas con insuficiencias por unha sociedade moi discriminadora” (Abberley, 1998).

Compréndese, entón, que a meta deste movemento non sexa outra que conseguir que a sociedade reconeza os dereitos das persoas con discapacidade e o seu valor como cidadáns iguais.

4. AS REIVINDICACIÓNS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

As “persoas con discapacidade” están a solicitar que se lles dea a posibilidade de valerse por si mesmos, de desenvolver o seu potencial como individuos e participar plenamente na sociedade. E como recorda Allué: “respectar o diferente (respectus: ter atención, consideración) é relacionarse con el, partindo da consideración básica,

de que a diferenza ten un valor intrínseco, de non ser coma min e, polo tanto, non saber o que eu sei. Ter a certeza de que o outro sempre ten algo novo e útil que nos ensinar. Máis que intentar integrar, habería que establecer políticas sociais de desintegración desa barreira, que divide os espazos asimétricos entre o normal -bo- e o diferente -non bo-.” (Allué, 2003).

¿Que papel poden desempeñar as persoas con limitacións nesta sociedade que impón un ritmo frenético tanto no físico coma no mental para poder desenvolverse con liberdade e autonomía? ¿Poden quedar á marxe ao non poder superar as barreiras que a sociedade lles pon ao seu desenvolvemento persoal e social? ¿Ou poden rebelarse ante a situación inxusta que a sociedade lles impón?

O principio de igualdade de oportunidades de todos os cidadáns constitúe un “valor inalienable común a todos os estados membros” da Unión Europea, o que implica a eliminación da discriminación negativa contra as persoas con limitacións e a melloira da súa calidade de vida. A partir de aquí, asúmese que a integración na educación e formación xerais pode desempeñar “unha función importante no éxito da súa incorporación á vida económica e social” (Consello da Unión Europea, 1996).

Compréndese, neste sentido, a necesidade “dunha pedagogía da liberación da discapacidade viva, que reivindique a súa personalidade e rexeite a idea do outro, optando, máis alá da revolta ou da acomodación ao grupo social dominante, asuma o propio desenvolvemento, opción “que é a que máis promete” (Peters, 1998).

Haberá que recuperar non só a pedagogía do oprimido e da esperanza senón tamén a “pedagogía da indignación” de Paulo Freire (2001), con esa rabia ou indignación política que animaron a súa existencia, convencido de que a realidade pode transformarse, convertendo os proxectos “inéditos viables” en concrecións históricas. Esta tarefa de liberación, por suposto, non resulta unha tarefa cómoda e sen conflitos, xa que se pode predicir a oposición non dos responsables da industria da educación especial e da xestión da integración, senón mesmo dos pais ao temer pola inseguridade dos seus fillos.

As persoas con minusvalías reclaman a súa inclusión (como dereito), o dereito a non ser excluídos, en lugar de depender da boa vontade dos demais. Queren ser aceptados tal e como son, en lugar de rehabilitalos, converténdoo en algo que nunca poderán ser: “ser normal”. Esta identificación da discapacidade implica que, aínda que a xente con discapacidades queira todos os servizos necesarios de forma que poidan desenvolver todo o seu potencial, queren seguir sendo diferentes e piden que os non minusválidos non só acepten as súas “diferenzas” senón que cheguen a celebrar o ser “diferentes como unha virtude apreciable”.

Nunca se pode perder de vista que o noso xeito de comprender a actividade educativa con persoas con problemas está sempre influenciado polos nosos propios valores. Polo tanto é fundamental realizar unha profunda reflexión sobre a nosa forma de entender “discapacidade”, xa que

será determinante nas nosas expectativas e na forma de interacción coas persoas con limitacións.

A educación, pois, non pode limitarse a responder ás denominadas “necesidades educativas especiais”, senón que tamén considerará na súa acción educativa todo o conxunto de factores sociais, económicos e políticos que condicionan, cando non determinan, a súa existencia, acoutando as posibilidades de inserción social das persoas con limitacións, para actuar sobre eles dentro das súas posibilidades. A educación nunca pode renunciar ao compromiso social que lle corresponde no seu apoio ao dereito da educación das persoas afectadas por calquera tipo de limitación, porque, en definitiva, a súa responsabilidade non é outra que conseguir a educación para todos.

A preocupación polo outro é, como sinala a Comisión Independente sobre Poboación e Calidade de Vida (1999), a antítese da competición e a súa afirmación require hoxe un profundo cambio de mentalidade. A noción de que todo é obxecto de cambio, a competencia excesiva e a filosofía do «sempre máis» ameazan coa nosa destrución. Témonos que preguntar, pois, se a nosa capacidade de preocupación polo outro pode protexernos a nós mesmos e como, á vez, pode facer saír da pobreza a máis de mil millóns de persoas que loitan por sobrevivir, e poñelas en camiño dunha mellora sostible da calidade de vida. Isto esixe nada menos que outro tipo de desenvolvemento diferente do que ata agora se practicou. A humanidade atópase fronte ao desafío dun cam-

bio de civilización. A súa supervivencia e a súa existencia na dignidade esixen pasar a un tipo de desenvolvemento totalmente novo, un ecodesenvolvemento que deberá inspirar todas as formas de actividade humana e todas as relacións entre o home e a natureza.

Nesta busca, as regras do xogo virán determinadas por algúns principios directores: a equidade, a preocupación polo outro, compartir, a sostibilidade e a seguridade das persoas. A equidade representa un papel esencial e mesmo preponderante na busca dunha mellora sostible da calidade de vida: sen equidade non hai sostibilidade nin seguridade. Enténdese por equidade un trato xusto para todos que debe ser respectado polos individuos, as institucións e os estados.

Pero este obxectivo non se poderá conseguir dende a concepción das persoas con discapacidade como simples pacientes. Urxe asumir a perspectiva social que supera calquera tipo de segregación e se compromete na busca dun mundo para todos.

5. UN CAMIÑO ABERTO

O Ano Europeo da Discapacidade non só lembrou unhas normas asumidas polas Nacións Unidas no seu compromiso coas persoas con discapacidade, normas, por certo, un tanto esquecidas na práctica, senón tamén unha serie de propostas e plans de acción que piden un maior compromiso da sociedade en xeral, non só dos gobernos.

Pero a nova orde mundial, como recorda Chomsky parece demasiado á vella, aínda que cun novo disfrace. Prodúcese fenómenos importantes, especialmente a crecente internacionalización da economía con todas as súas consecuencias, incluíndo o agudizamento das diferenzas de clase a escala global e a extensión deste sistema aos antigos dominios soviéticos. Pero non hai cambios substanciais, nin se necesitan «novos paradigmas» para entender o que está a suceder. As regras básicas da orde mundial son como foron sempre: o imperio da lei para o débil, o da forza para o forte; os principios de «racionalidade económica» para os débiles, o poder e a intervención do estado para os fortes. Ao igual que no pasado, o privilexio e o poder non se someten voluntariamente ao control popular ou á disciplina do mercado e, polo tanto, procuran debilitar a verdadeira democracia e axustar os principios do mercado ás súas necesidades específicas.

¿Cabe esperar que a masa extraordinaria de sufrimento que produce no réxime político-económico estea un día no principio do movemento capaz de deter a carreira cara ao abismo?, pregunta Bourdieu. En realidade, estamos, di, ante un extraordinario paradoxo: mentres que os obstáculos atopados no camiño da realización da nova orde, o do individuo illado, pero libre, se consideran actualmente imputables ás rixideces e aos arcaísmos, e calquera intervención directa e consciente, polo menos cando procede do Estado, por moitos rodeos que dea, está desacreditada de antemán, so pretexto de que está inspirada por funcionarios que obedecen aos seus

propios intereses e descoñecen os intereses dos axentes económicos, e condenada, polo tanto, a esfumarse en favor dun mecanismo puro e anónimo, o mercado (do que se esquece que tamén é o lugar de exercicio de intereses), é, en realidade, a permanencia ou a supervivencia das institucións e dos axentes da antiga orde en vías de desmantelamento, e todo o traballo de todas as categorías de traballadores sociais, e tamén todas as solidariedades sociais, familiares ou de calquera tipo, o que fai que a orde social non se afunda no caos malia o volume crecente da poboación en precario (Bourdieu, 1999).

A exclusión social, por outro lado, esténdese co crecemento do paro e a persistencia da pobreza. É o que mostra Tezanos (2001) cando analiza os impactos da revolución tecnolóxica na estrutura social, con especial atención á emerxencia de novas formas de desigualdade que prefiguran un sistema de estratificación complexo, caracterizado pola precarización laboral e a división da sociedade en dous grandes bloques.

Non se trata, polo tanto, dun mero cambio tecnolóxico, senón dunha auténtica mutación da lóxica produtiva que leva consigo un conxunto moi amplo de transformacións e está a conducir, en suma, a un novo paradigma social, como sostén Tezanos. Produciuse unha profunda transformación na natureza do traballo, con dualizacións e segmentacións marcadas polo xurdimento de novas elites tecnolóxicas e, no polo oposto, de sectores con cualificacións desfasadas, reducidos á condición de prescindibles. Prodúcese ademais

unha redución substancial na duración da xornada de traballo, pero, ao mesmo tempo, xorden novas manifestacións de paro estrutural, de subemprego, de precarización laboral e novas formas de desigualdade, pobreza e vulnerabilidade social.

Xorden así novas infraclases, debido, precisamente, á súa posición na periferia do sistema económico, o que se traduce na redución das súas oportunidades de poder e influencia, de consideración social, de ingresos e nivel de vida. Para Tezanos, a parte infrapositionada da pirámide social está formada por un gran bloque de parados, subempregados, xubilados e prexubilados, mulleres, inmigrantes, mozos con contratos en precario e traballadores non cualificados, definidos fundamentalmente pola súa situación secundaria na periferia do sistema económico e que padecen, ademais, os efectos dunha situación ‘desasistencializadora’ como consecuencia da crise fiscal do estado e dos recortes nas políticas sociais.

A igualdade de oportunidades, a accesibilidade universal e a participación das persoas con discapacidade na resolución das súas propias problemáticas son os principios fundamentais cos que a Lei de Igualdade de Oportunidades e non Discriminación das Persoas con Discapacidade pretende guiar as políticas e decisións dos poderes públicos. Os poderes públicos quedan obrigados a adoptar medidas contra a discriminación e de acción positiva destinadas a compensar as especiais dificultades que teñen as persoas con discapacidade para a súa plena participación na vida social. Esta lei establece ademais a

obriga gradual e progresiva de que todos os ámbitos, produtos e servizos sexan abertos, accesibles e practicables para todas as persoas, para o cal dispón prazos e calendarios de adaptación.

“Progresar cara á plena participación en canto cidadáns”, por outra banda, é o compromiso asumido polos ministros responsables de políticas de integración de persoas con discapacidade, reunidos en Málaga (España), o 7 e o 8 de maio de 2003, na 2ª Conferencia Europea de Ministros, organizada polo Consello de Europa. Eles confirman a súa disposición a garantir o respecto dos dereitos humanos e liberdades fundamentais para toda persoa acollida ao réxime xurídico dos nosos países, de acordo coa Convención Europea de Dereitos Humanos, e que todos os seres humanos nacen libres e iguais ante a lei, coa capacidade de contribuír validamente no desenvolvemento e benestar da sociedade, e que todas as persoas son iguais ante a lei e teñen dereito á mesma protección xurídica.

As persoas con discapacidade, como calquera outro individuo, deben poder gozar da súa cidadanía plena e tomar libremente as decisións que lles concirnen. Cunha mirada nova sobre a minusvalía e asociando máis estreitamente as persoas con discapacidade á elaboración das políticas que lles atinxen, a sociedade enteira axuda a dar o paso que vai da asistencia á autonomía. As persoas con discapacidade están chamadas a “dominar a súa readaptación”, e, máis globalmente, a facer valer o seu potencial, nunha perspectiva non pasiva, senón voluntaria e activa.

BIBLIOGRAFÍA

- ABBERLEY, P. (1998): “Trabajo, utopía e insuficiencia”. BARTON, L. *Discapacidad y sociedad*. Madrid, Morata, pp. 77-96.
- ALBERTE, J. R. (2003): “La atención a la diversidad en la encrucijada”, *Bordón* 55 (1) 81-91.
- ALLUÉ, M. (2003): *DisCapacitados. La reivindicación de la igualdad en la diferencia*. Barcelona, Ed. Bellaterra.
- ARARTEKO (2001): *La respuesta a las necesidades educativas especiales en la CAPV*. Vitoria, Ararteko.
- ARNAIZ, P., CASTRO, M., GUIRAO, J.M. (2003): “Alumnos en riesgo de exclusión social: la integración escolar de grupos culturales minoritarios en la región de Murcia”. *Bordón. Revista de Orientación Pedagógica*, 55 (1) 61-80.
- ASEMBLEA XERAL DAS NACIÓNS UNIDAS (1994): Normas uniformes sobre a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade. A/RES/48/96 do 4 de marzo de 1994.
- COMISIÓN EUROPEA (1996): *Libro blanco sobre educación y formación*. Luxemburgo, Oficina de Publ. Oficiais das Comunidades Europeas.
- COMISIÓN INDEPENDENTE SOBRE POBOACIÓN E CALIDAD DE VIDA (1999): *Elegir el futuro. Un programa radical para la mejora sostenible de la calidad de vida*. Madrid, Iepala.

- CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA (2001): Decisión do Consello do 3 de decembro de 2001 sobre o Ano Europeo das Persoas con Discapacidade 2003 (2001/903/CE).
- FERNÁNDEZ, G. (2001): "La ciudadanía en el marco de las políticas educativas". *Revista Iberoamericana de Educación* - Número 26. "Sociedad educadora/Sociedad educadora". Maio-agosto 2001 /maio-agosto 2001. <http://www.campus-oei.org/revista/rie26a08.htm>.
- FREIRE, P. (1975; 1978): *Pedagogía del oprimido*. México, Siglo XXI.
- FREIRE, P. (2001): *Pedagogía de la indignación*. Madrid, Morata.
- GARCÍA, C. (2003): "Segregación, integración e inclusión". *Bordón*, 55 (1) 9-26.
- IMSERSO (1998): *Las personas con minusvalía en España. Necesidades y demandas*. Madrid, IMSERSO.
- JOLLIEN, A. (2001): *Elogio de la debilidad*. Barcelona, RBA.
- JOVER G. (2003): *Educación y ciudadanía: el compromiso cívico de los jóvenes españoles*. <http://www3.usal.es/~teoriaeducacion/DEFAULT.HTM> (27.XI.03).
- LÓPEZ, C. (2003): *El Congreso aprueba la Ley de Igualdad de Oportunidades y No Discriminación de las Personas con Discapacidad*. DISC@PNET, sábado 29 de novembro de 2003, número: 1.013.
- MINUSVAL (2002), 2003: *Año Europeo de las personas con discapacidad*. Editorial Minusval, 137, nov.-dec. 2002.
- NACIONES UNIDAS (1988): *Programa de Acción Mundial para las personas con discapacidad*. Madrid. Real Patronato de Prevención y Atención a Personas con Minusvalía.
- PETERS, S. (1998): "La política de la identidad de la discapacidad". BARTON, L. (1998), *Discapacidad y sociedad*. Madrid, Morata, pp. 230-250.
- TEZANOS. J.F. (2001): "Tendencias de exclusión social". En: *La sociedad dividida. Estructura de clases y desigualdades en las sociedades tecnológicas*. Biblioteca Nueva.
- TORRES, X. (2001): *Educación en tiempos de neoliberalismo*. Madrid, Morata.
- TRIESCHMANN, R.B. (1995): *Envejecer con discapacidad*. Barcelona, Fundació Institut Guttmann.
- UNESCO (1994): Conferencia mundial sobre necesidades educativas especiales: acceso y calidad. Declaración de Salamanca y Marco de Acción sobre necesidades educativas especiales. Salamanca. España: Ministerio de Educación y Ciencia.
- VARDAKASTANIS, Y. (2002): "Romper las barreras en 2003: el Año Europeo de las Personas con Discapacidad". *Observatorio de la Discapacidad Digital*, 26, abril de 2003.

VEGA, A. (2003): “La inadaptación social de menores: la discapacidad invisible”, *Surgam*, 484, agosto-outubro, p. 7-22.

VEGA, A. (2000): *La educación ante la dis-*

capacidad. Hacia una respuesta social de la escuela. Valencia, Nau Llibres.

VEGA, A. (2003): *La educación social ante la discapacidad*. Málaga, Aljibe.



Amando VEGA FUENTE: “A discapacidade: xustiza, equidade, educación”, *Revista Galega do Ensino*, núm. 44, novembro 2004, pp. 135-148.

Resumo: o Ano Europeo da Discapacidade 2003 pretendeu desterrar a concepción das persoas con discapacidade como simples pacientes e involucralos nas decisións que lles concirnen, abandonar a segregación educativa e laboral e pasar de programar actividades para un colectivo concreto a concibir un mundo para todos. Os seus problemas agrávanse nunha sociedade máis pendente das súas limitacións que do seu potencial, guiada por intereses económicos, non sociais. Os cambios de actitudes e de accións para a inclusión educativa dos individuos con limitacións afectan a toda a comunidade, ás políticas educativas, ás asociacións e aos responsables da convivencia social. O movemento da discapacidade, superando o modelo médico, esixe un cambio de enfoque e reivindica unha sociedade máis xusta fronte á atención benéfico-asistencial. É o que piden as Normas uniformes sobre a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade de Nacións Unidas (1993) e a celebración do Ano Europeo da Discapacidade.

Palabras clave: minusvalía, discapacidade, educación especial, inclusión, integración, Ano Europeo da Discapacidade.

Resumen: el Año Europeo de la Discapacidad 2003 ha pretendido desterrar la concepción de las personas con discapacidad como simples pacientes e involucrarlos en las decisiones que les afectan, abandonar la segregación educativa y laboral, y pasar de programar actividades para un colectivo concreto a concebir un mundo para todos. Sus problemas se agravan en una sociedad más pendiente de sus limitaciones que de su potencial, guiada por intereses económicos, no sociales. Los cambios de actitudes y de acción para la inclusión educativa de los individuos con limitaciones afectan a toda la comunidad, a las políticas educativas, a las asociaciones y a los responsables de la convivencia social. El movimiento de la discapacidad, superando el modelo médico, exige un cambio de enfoque, reivindicando una sociedad más justa frente a la atención benéfico-asistencial. Es lo que piden las Normas uniformes sobre la igualdad de oportunidades para las personas con discapacidad de Naciones Unidas (1993) y la celebración del Año Europeo.

Palabras clave: minusvalía, discapacidad, educación especial, inclusión, integración, Año Europeo de la Discapacidad.

Abstract: the *European Year of Disability 2003*, among other things, tried to get rid of the conception of people with disabilities as simple patients (and to make them to participate in the decisions that

affect them), to end with the educational and labour segregation, and to gain *a world for everyone* by abandoning the idea of programming activities exclusively for people with disabilities. Actually, the problems people with disabilities encounter are greater when the mainstream society (guided by economic interests, not social ones) emphasises their limitations and hardly see their possibilities. Attitudinal changes and action changes for the educational inclusion of these individuals affect the whole community, as well as the educational policies, associations, and all those responsible for a good living together. The disability movement, which overpass the medical model, demand a focus change and a fair society, instead of the assistential-benefical care model. These are demands that appear in the norms about the equality of opportunities for people with disabilities of the United Nations (1993) and the *European Year of Disability 2003*.

Key words: handicap, disability, special needs education, inclusion, integration, *European Year of Disability*.

– Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 02-02-2004.

